



## Presentación do Foro Encrucillada

---

Luís Rodríguez Álvarez

Soren Kierkegaard escribiu: «Isto é o importante na vida: ver algunha vez algo, oír unha cousa tan grande, tan magnífica que calquera cousa en comparación súa sexa nada; que mesmo se un se esquecese de todo, aquilo non se esquecería xamais».

Achegarse e contemplar o Pórtico da Gloria é quedarnos con aquelas palabras de Álvaro Cunqueiro no ano 1953: «Todas as figuras de Mateo son descoñecidas, misteriosa xente que el viu cruzar polas pontes que construíu, e cun carbón debeu debuxalos unha e mil veces, curioso de tan pasaxeira e significativa beleza, dun remoto misterio, dunha cabeleira ou unha mirada ... Debeu conversar con moitos deles, e por iso o pórtico está feito de diálogos, e un oído atento poderá máis dunha vez recoller noticias de sucesos, confesións e sorprender escuras nostalxias».

Contemplar o Pórtico da Gloria é quedar mudo ante tal obra chea de matices, mensaxes e sensacións únicas. Todo o Pórtico dialoga co peregrino, co camiñante ou o visitante cunha teatralidade turbadora, enigmática e evocadora.

Tantos significados adquiriu o Pórtico da Catedral compostelá que ata Castelao o converteu en símbolo da nación galega e utilizou a tipoloxía da inscrición dos seus linteis para crear o selo do Seminario de Estudos Galegos (como ben lembra o profesor Castiñeiras). Tal simbolismo encerra esta obra que Luís Seoane implorou desde o seu exilio en «Oración do artista que volta», ou o mesmo Valle Inclán menciónao ao escribir: «Ao pasar baixo o arco da eternidade, na suprema comprensión da nosa vida mortal

está o premio e está o castigo». E Miguel de Unamuno que o nomea como «poema en pedra»»; e Gerardo Diego («O ritmo das vosas túnicas modela / pregos de pedra e estrías, / e as xambas, —oh, esveltas xerarquías— / entrecruzades mentres a danza voa») e Manuel Rivas para quen é a «primeira gran película da humanidade rodada en pedra».

No Pórtico da Gloria a eternidade faise tempo, a gloria de Deus faise estupor cegador, a pedra faise vida; é a realidade dunha fe que se fai cultura e dunha cultura que evoca a fe; é a percepción de «levantarse da historia ao misterio» (Gregorio Magno).

O Pórtico da Gloria é cualificado polos entendidos e especialistas como xoia e marabilla. Mantén simbólica e espiritualmente o mellor da arte cristián, co seu colorido e vistosidade que recuperou coa restauración que levou a cabo nestes últimos tempos, pero tamén profundidade e contido teolóxico, bíblico, espiritual. Como o mellor dos sermóns para ser lido, ou dos himnos para ser cantado ou dos frescos para ser contemplado con estupor e rubor nunha liturxia de emocións e silencios. Con aquel trasno que plasmou Federico García Lorca despois das súas dúas visitas a Compostela ao escribir: o trasno enche de sangue, por vez primeira na escultura, as meixelas dos santos do Mestre Mateo de Compostela»... Dixemos —afirma o poeta— que o trasno ama o bordo da ferida e achégase aos sitios onde as formas se funden nun anhelos superior ás súas expresións visibles». No Pórtico ese anhelos faise relato na arquitectura que o sostén todo.

Un relato que se converte nunha marabillosa sonata de pedras e luz que descendese do alto. Aquel mesmo relato de beleza, verdade e misterio que cegou a Rosalía de Castro e que no seu poema «Na Catedral» na terceira estrofa di: «Santos e apóstolos, —védeos!— parece / que vos beizos moven, que falan quedo / os uns cos outros, e aló na altura / do ceu a música vai dar comenzo». Eles falan entre eles, cunha delicadeza que semella que tamén poden, en calquera intre, ollarnos e comezar a preguntarnos. Convidánnos ao diálogo, provocan unha participación da mirada a través da palabra que asombra a Rosalía que máis adiante non poema pregúntase:

«Estarán vivos? Serán de pedra / aqués sembrantes tan verdadeiros / aquelas túnicas maravilosas / aqueles ollos de vida cheos?».

Abraiadados polas cores, a luz e a beleza que encerra tan sublime obra artística podemos contemplar unha creación na que a eternidade faise tempo, a gloria de Deus convértese en estupor cegador e a pedra faise vida.

O ourensán Ramón Otero Pedrayo avalía na súa obra «Guía de Galicia» a importancia artística e pedagóxica do Pórtico da Gloria dicindo que é «a expresión máis xenial da arte cristiá do medievo, na súa inspiración e logro escultórico só comparable noutros rumbos do espírito coa *Summa Theologica* ou a Divina Comedia de Dante».

Estamos ante unha obra de arte complexa como unha sinfonía. E para descubrir e afondar máis no seu estudo a Asociación Encrucillada organiza este XXXIV Foro «Relixión e Cultura en Galicia» co título que todos coñecedes «Pórtico da Gloria. Teoloxía en pedra»; A obra do Mestre Mateo na súa perspectiva histórica, teolóxica e artística.

Acompañarannos para este percorrido Xesús Portas Ferro que disertará sobre «o Pórtico na Historia»; Carmen Yebra Rovira, «O Pórtico na Teoloxía» e Manuel Antonio Castiñeiras González, «O Pórtico na arte».

**Luís Rodríguez Álvarez**